

Relato 1

Unha sombra comía a habitación, uns pasos sonoros e pesados soaban cada vez máis preto, a pequena nena agochada non sabía que facer, coas pernas encollidas coa respiración acelerada contiña o choro. O son dos sonoros pasos cesou diante da súa porta, outros pasos menos sonoros pero máis rápidos soaron, un golpe abafante, un grito desgarrado, o choro antes contido saíu, a luz da lúa deixaba ver unha masa diante da porta, un regueiro de sangue.

Sirenas soaron, os pasos menos pesados e máis rápidos volveron, dirixense o piso de abaixo, a porta da entrada abriuse, pranto, un agudo pranto escoitouse, a nena levantouse, colleu o seu gato que a acompañará toda a súa aínda corta vida, intentou abrir a porta, a masa diante dela impediullo. Pasos, pasos, moitos pasos, todos pesados, o pranto agudo seguía no piso de abaixo, o choro da nena cesou, a nena abriu a venta, colleu a súa pequena cadeira e púxoala diante, subiuse a cadeira abriu a contra venta, subiuse o pequeno oco entre as dúas ventas e deu un salto con todas as súas forzas e caeu no balcón da habitación contigua, as portas do balcón estaban pechadas, pero tiñan unha pequena gateira pola que ela cabería sen problema, deslizáronse pola gateira hasta o interior da habitación, a luz da lúa apenas deixaba ver a porta, dirixíxese a ela e abriuna.

A casa estaba chea de homes uniformados, un uniforme de cor verde escuro, no chan estaba o seu pai, os homes uniformados achegáronse a ela, tiñan unha expresión de horror e preocupación no seu rostro cando a viron, ela perplexa intentou fuxir o piso de abaixo, pero un corpulento home agarrouna do brazo, pranto, un agudo e intenso pranto a nena berraba pola súa nai, a nai desde o piso de abaixo berrou para consolala, o home levou a nena donda a nai, a nena afundiuna a cabeza no peito da súa nai, aquela noite fora longa e intensa.

Levaron a nai o cuartel para interrogala, a nena foi levada a un psicólogo especializado para facerlle as preguntas, a nena preguntou como estaba o seu pai, o psicólogo perplexo díxolle- “O home que estaba no chan era teu pai?” -ela asentiu suavemente coa cabeza.

O psicólogo saíu da sala e deixouna un momento xogando con algunhas bonecas, o pai da nena morrera ao pouco tempo da nai quedar embarazada durante unha misión militar e a nai dixo que non tivera unha parella o suficientemente estable como para presentarlle a nena.

¿Quen carallo era aquel home e por que a pequena lle chamaba papá? No psicólogo volveu e preguntoulle a pequena cando conocera a aquel home, a nena enfadada díxolle que aquel home era seu pai e que o conocía fai moito tempo, desde o Nadal el subía ata a súa venta para falar con ela, dáballe agasallos, o psicólogo atónito tardou en formular unha pregunta- ¿Sabes por que o teu pai estaba alí?- a nena cunha pequena risiña díxolle, - “pois claro que si, víñame a buscar para levarme a cenar coa miña nai”. Alí rematou a conversa coa nena, a nai esperaba nunha sala afastada cun axente de policía, entrou na sala e empezou a conversa coa nai- “¿Coñecías o home que estaba na tua casa onte pola noite?”- a nai en choro respondeulle- “non, non xa dixen que non sabía quen era aquel home, cando entrei el estaba esperándome na entrada deume un golpe con algún obxecto e caín o chan, cos ollos entre pechados vía como subía as escaleiras, e perdeuse nunha esquina, iba a habitación da miña filla!, levanteime todo o rápido que puiden e collín a espada do exercito que fora do meu marido e baixeilla na cabeza a aquel, aquel, monstro era un monstro, a veciña chamara a garda civil e funlles abrir- a muller estaba chea de ira e dor, era notable a simple vista.

Despois de ver as gravacións da veciña, unha vella muller a que roubaran un par de veces, descubriron que efectivamente aquel home levaba rondando a casa desde fai uns meses, a nena despois de varias charlas contou que el fora quen lle ensenara a abrir as ventas.

A nai puxo barrotes nas ventas e díxolle a que non falara con descoñecidos.

As dúas refixeron as súas vidas pois a nai non tivo que afrontar cargos, e a familia do home se é que a tiña non apareceu.

O timbre soou e a nena foi cunha risiña a avisar a sua nai pois ela tiña prohibido abrilas, a nai abriu a porta e un home algo maior apareceu diante de ela, a nena cun sorriso dixo- “Ola avó”- a nai cunha cara de horror cerrou a porta a chamou o 112, aquel home non era o seu pai, nin o do seu home.

Lucía Vázquez Castro 1º BAC B
IES Lucus Augusti